

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE ABRIL DE 2018

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/198/2017.- PROMOCIONES INMOBILIARIAS CHINTO S.L. – Conceder licenza para o proxecto básico presentado para a construción dun eificio de 22 vivendas, garaxes e trasteiros na rúa Avelino Pousa Antelo.

LIC/770/2017.- M5 CORNES RESIDENCIAL, SL.- Conceder licenza para a construción de dous edificios para 68 vivendas, prazas de garaxe e trasteiros na rúa Manuel Beiras nº 5.

PARCELACIONES/SEGREGACIONES.-

LIC/703/2017.- JULIO NOYA PAMPIN.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para segregar a parcela sita na rúa do Sandino nº 75 A.

LIC/1403/2017.- GLORIA HORTENSIA SAMPEDRO QUINTÁNS.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para parcelamento da finca sita na rúa Marrozos, Eixo.

LIC/408/2017.- EDUARDO MANUEL RIOS MARCOS.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública, estimar o recurso de reposición presentado e conceder licenza para a segregación dunha parcela sita en San Martiño de Aríns.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para o proxecto básico presentado para a construción dun edificio de 22 vivendas, garaxes e trasteiros na rúa Avelino Pousa Antelo. LIC/198/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción de dous edificios para 68 vivendas, prazas de garaxe e trasteiros na rúa Manuel Beiras nº 5. LIC/770/2017. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para segregar a parcela sita na rúa do Sandino nº 75 A. LIC/703/2017. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para parcelamento da finca sita na rúa Marrozos, Eixo. LIC/1403/2017. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública, estimar o recurso de reposición presentado e conceder licenza para a segregación dunha parcela sita en San Martiño de Aríns. LIC/408/2017. Apróbase a proposta.

7.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e na taxa pola

subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

95.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración, con competencias en Contratación, relativa á devolución de fianza para responder do contrato de "Xestión do servizo das escolas infantís municipais de CONXO e FONTIÑAS". Apróbase a proposta.

96.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á selección da operación "Iniciativa urbana sostible de patrimonio natural e emprego", para ser tramitada a súa aprobación perante o Ministerio de Facenda e Función Pública. Acórdase seleccionar a operación para a súa tramitación ante o Ministerio de Facenda de cara á súa inclusión na EDUSI. A iniciativa ten un orzamento de 360.000 euros, dos que 288.000 procedería dos fondos europeos FEDER.

97.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes, Mercados e Benestar Animal relativa ao cambio de titularidade das casetas da Praza de Abastos NC94-NC95-NC96 á SOCIEDADE CIVIL SUSHI COMPOSTELA, S.L. Apróbase a proposta

98.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes, Mercados e Benestar Animal relativa ao cambio de titularidade das casetas da Praza de Abastos NC047 E NC048. Apróbase a proposta.

99.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de obras de adecuación de parcela municipal para aparcadoiro público en superficie na Avda. de Ferrol. Acórdase adxudicar a obra á empresa Arines Obras y Proyectos, por un importe total de 95.354,45 euros, IVE incluído.

100.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación dos criterios de usos e xestión da Casa "Xohana Torres". Apróbase a proposta

URXENCIAS

1.-Resolución de discrepancia por reparo. Apróbase a proposta

2.-Recoñecemento de obrigas. Apróbase a proposta

3.-Recoñecemento de obrigas. Apróbase a proposta

4.- Proposta da concelleira delegada de Centros Cívicos para dar conta da subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico con destino ás bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia. Dase conta da subvención concedida pola Consellería de Cultura, Educación, e Ordenación Universitaria, por importe de 3.064 euros, para a biblioteca José Saramago.

5.-Proposta da concelleira delegada de Centros Cívicos para dar conta da concesión do programa Rede Cultural 2018 da deputación da Coruña. Dáse conta dos espectáculos concedidos dos espectáculos concedidos pola Deputación Provincial da Coruña correspondentes ao programa Rede Cultural 2018. O gasto total do programa ascende a 21.336 euros, dos que a Deputación achega 6.400,80 euros e o Concello os 14.935,20 euros restantes.

6.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato de subministro e montaxe de neumáticos, equilibrados de rodas e aliñacións de dirección para os diferentes vehículos adscritos ao Parque Móbil do Concello de Santiago. Acórdase prorrogar o contrato coa empresa Neumáticos Pájaro SL polo prazo dun ano a contar desde o 23 de abril de 2018 ata o 22 de abril de 2019. O gasto será de 14.975 euros.

7.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación das Bases da convocatoria aberta de axudas de apoio a procesos e actividades culturais 2018-2019. Apróbanse as bases da convocatoria, á que se destinarán 100.000 euros.

Departamento de Prensa.Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

8.-Proposta da concelleira de Acción Cultural relativa á aprobación das bases da convocatoria aberta de axudas de apoio a procesos e actividades culturais para entidades sen ánimo de lucro 2018-2019. Apróbanse as bases da convocatoria, á que se destinarán 50.000 euros.

9.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo para dar contas da concesión dunha axuda para o proxecto Tropa Verde, no marco do programa URBACT III. Dase conta da concesión, por parte do Secretariado do programa europeo URBACT, dunha axuda por importe de 72.150 euros para o proxecto Tropa Verde.